

PREGUNTAS PREVIAS Á VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Que é un *astro*? Escribe o nome dalgún que coñezas.
2. Como se chama o movemento de xiro da Terra sobre si mesma? e o que fai arredor do Sol?
3. Busca no dicionario: *órbita, estrela, galaxia, asteroide, satélite, meteorito, cometa, constelación*.

SALA II: O NOSO PLANETA

1. A capa de aire que nos rodea é a
2. Cando respiramos tomamos..... do aire e expulsamos.....
3. Que é o que mide cada aparello? Relaciona as dúas columnas:

| |
|-------------|
| TERMÓMETRO |
| BARÓMETRO |
| HIGRÓMETRO |
| PLUVIÓMETRO |

| |
|-------------------|
| HUMIDADE RELATIVA |
| TEMPERATURA |
| CHUVIA |
| PRESIÓN |

4. Que é a *cortiza terrestre*? Que dúas capas se encontran por debaixo dela?
5. Busca nun dicionario a definición de *rocha* e pon algún exemplo.
6. Busca o significado dos seguintes termos relacionados cos ecosistemas: *Bioma, tundra, taigae cadea trófica*.
7. Marca cun X a resposta axeitada.
A biodiversidade é:
 - A variedade de seres vivos que hai nun ecosistema.
 - A cantidade de seres vivos que hai no planeta.
 - O número de animais que hai nun ecosistema.

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Busca nun dicionario o significado de *extinción*.
2. O ruído é un tipo de contaminación? Como se chama ese tipo de contaminación?
3. Que son os *combustibles fósiles*? En que se diferencian das *enerxías limpas*?
4. Que é un *residuo sólido*?
5. Define *fonte de enerxía renovable*. Coñeces algún exemplo?
6. A auga que lixamos na casa, cara a onde vai?

PREGUNTAS PARA DESPOIS DA VISITA A NATURNOVA

SALA I: O UNIVERSO

1. Canto tarda Mercurio no seu movemento de translación? E na súa rotación?
2. Debuxa o sistema solar coas órbitas dos planetas, os nomes de cada astro e unha característica de cada un que o diferencie dos demais.

SALA II: O NOSO PLANETA

1. Segundo os datos tomados en Naturnova, os océanos forman o% da hidrosfera.
Aproximadamente, cal é a porcentaxe de auga doce existente na hidrosfera?
2. Debuxa un esquema coas diferentes capas da atmosfera e escribe os seus nomes.
3. Busca a relación:

| |
|-----------------|
| HIDROSFERA |
| ATMOSFERA |
| CODIA TERRESTRE |

| |
|-----------------|
| LITOSFERA |
| CAPA GASOSA |
| AUGA DO PLANETA |

4. Busca e escribe nomes das especies propias do ecosistema *taiga*.
5. Se desaparecen moitas especies dun ecosistema diminúe a biodiversidade. Que ocorrería se desaparecesen as abellas do planeta? Afectaría a outras especies? Como?

SALA III: O HOME E O SEU MEDIO

1. Cal foi a causa da extinción dos dinosauros?
2. Cando vas á praia hai moitas cousas que non son do mar. De onde cres que proveñen?
3. A auga doce é un ben escaso. Enumera algunhas condutas que nos axudarían a aforrar auga na casa.
4. Subliña as respostas correctas respecto ao que debemos facer co lixo:
 - Queimalo na casa.
 - Botalo ao campo.
 - Producilo en menor cantidade.
 - Transformalo en produtos aprobeitables.
 - Separalo selectivamente e botalo no seu colector correspondente para reciclar.
5. Prepara un mural con recortes de prensa relacionados cos problemas ambientais. Fai un comentario curto para cada recorte seleccionado. Propón solucións a cada un dos problemas.